

PROXECTO: OS DINOSAUROS

VI CONCURSO DE PROXECTOS DE TRABALLO POR PROXECTOS DO PLAN LÍA

CRISTINA DELGADO DELGADO
NURIA ÁLVAREZ RODRÍGUEZ

EQUIPO DE BIBLIOTECA

**CEIP PLURILINGÜE CONDESA
DE FENOSA**

Curso Escolar 2018-2019



ÍNDICE

- A. INTRODUCCIÓN
- B. OBXECTO OU TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN PROPOSTA
- C. BREVE DESCRICIÓN DO PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA
- D. DOCUMENTACIÓN ELABORADA PARA O PROFESORADO E ALUMNADO
- E. RELACIÓN DAS TAREFAS MÁIS IMPORTANTES REALIZADAS O LINGO DO PROXECTO POLO ALUMNADO
- F. RECURSOS UTILIZADOS ASÍ SOMO UNA ENUMERACIÓN DETALLADA DAS PRINCIPAIS FONTES CONSULTADAS PARA A INVESTIGACIÓN
- G. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA
- H. DIFUSIÓN DOS TRABALLOS ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA
- I. AVALIACIÓN REALIZADA EN RELACIÓN COS CRITERIOS DE AVALIACIÓN E AS COMPETENCIAS DO CURRÍCULO, ENTRE OUTROS ASPECTOS. PROCEDEMENTOS EMPREGADOS
- J. FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR EN TODO O PROCESO

A. INTRODUCCIÓN

XUSTIFICACIÓN

O CEIP Plurilingüe Condasa de Fenosa encontrase no concello de O Barco de Valdeorras, na provincia de Ourense. Contamos con 6 unidades de infantil das cales dúas delas desenvolveron o proxecto que aquí se presenta.

Durante anos o noso centro traballamos en torno a biblioteca en PDI, pero dende o curso pasado cambiamos eses PDI por proxectos de nivel ou aula enmarcados dentro dun PFPP promovidos polo programa PITEAS. Deste xeito a meirande parte do centro estivo embarcado en proxectos de investigación nos que a biblioteca foi un pilar fundamental do traballo de investigación.

Neste caso concreto o nivel que desenvolveu o proxecto presentado foi 5º de Educación Infantil, curso formado por 44 nenos e nenas distribuídos en dous grupos; grupo A con 21 alumnos e alumnas e grupo B con 23 alumnos e alumnas.

É importante destacar que o proxecto foi froito dunha necesidade dos nenos/as de investigar sobre este tema en concreto, había varios intereses no aire polo que acordamos elaborar un porfolio de intereses e a través dun cuestionario en google axeitado a súa idade (con imaxes) e no que a maioría do alumnado deixou reflexado o interese no tema dos dinosauros.

PLANIFICACIÓN

Evidentemente o o tema dos dinosauros había que axustalo a currículo e aos contidos que tiñamos que desenvolver no nivel polo que elaboramos unha plantilla de

programación recollendo todos os elementos curriculares a ter en conta. Así pois aquí deixamos os apartados máis importantes referidos á mesma:

CONTIDOS

- Recoñecemento das percepcións sensoriais pro-pioceptivas que proveñen dos propios músculos e articulacións- e as percepcións exteroceptivas relacionadas cos campos visuais, auditivos, olfactivos, táctiles, gustativos...
- Participación nos xogos e na actividade motriz, identificando as súas capacidades e confiando nas propias posibilidades de acción, amosando actitudes de iniciativa e constancia.
- Recoñecemento progresivo da súa identidade persoal: capacidades, actitudes e coñecementos, aplicándoos nas súas actividades diarias.
- Recoñecemento das necesidades básicas do corpo: hixiene, alimentación, descanso...
- Recoñecemento de algúns atributos e propiedades de obxectos e de materiais, examinando con atención as súas características e a súa aplicación na vida diaria.
- Recoñecemento do uso do número na vida diaria e inicio no rexistro de cantidades. Emprego dos números para identificar, contar, clasificar, numerar, informarse e ordenar elementos da realidade sempre en situacións contextualizadas e significativas.
- Proposición e resolución de situacións problemáticas sinxelas da vida cotiá:

localizar un dato numérico, facer unha repartición, realizar unha estimación...

- Achegamento a algunhas magnitudes físicas: peso, lonxitude, capacidade, tempo a través da estimación: comparando, sopesando, observando...

- Exploración lúdica das propiedades e características dalgúns corpos xeométricos elementais.

- Vivencia, representación e interpretación do espazo, empregando a imaxinación en debuxos, planos, fotografías, mapas ou outros.

- Orientación temporal en situación cotiás empregando diferentes nocións e relacións. Aproximación ao uso do calendario.

- Curiosidade, respecto e coidado cara aos elementos do medio natural, especialmente animais e plantas.

Identificación e afondamento no estudo dalgúns características e función vitais dos seres vivos empregando a exploración sensorial. Diferenzas entre seres vivos e obxectos inertes.

- Recoñecemento dalgúns signos de identidade cultural galega apreciando os cambios que se producen no modo de vida co paso do tempo. Sucesos e persoas relevantes da historia da súa comunidade, do seu país e do mundo.

- Utilización e valoración progresiva da lingua oral para evocar e relatar feitos; para adquirir coñecementos; para expresar e comunicar ideas, sentimentos e emocións;

para facer peticións e como mecanismo para regular a propia conduta e a das demais persoas.

- Achegamento á lingua escrita como medio de comunicación, información e gozo a través de soportes diferentes.

- Iniciación no uso da escrita en situacións contextualizadas e reais

- Introducción ao uso das bibliotecas de centro e de aula como un medio máis de aproximación á literatura e como espazo privilexiado de recursos para a diversión e o coñecemento.

- Introducción ao uso das bibliotecas de centro e de aula como un medio máis de aproximación á literatura e como espazo privilexiado de recursos para a diversión e o coñecemento.

- Experimentación e descubrimento dalgúns elementos que configuran a linguaxe plástica: liña, forma, cor, textura, espazo e volume

- Participación en actividades de dramatización, danzas, xogo simbólico e outros xogos de expresión corporal -mimo, monicreques, teatro de sombras...- colaborando na elaboración dos elementos necesarios para unha ambientación axeitada.

Identificación da utilidade de diversos instrumentos e tecnoloxías como fontes de información, de comunicación, de expresión, de estratexias de exploración e investigación.

Critérios de Avaliación	Indicadores observables específicos	Competencias
Recoñecer os sentidos e identificar percepcións e sensacións.	Identifica diferentes sensacións gustativas e descríbeseas.	CAA CAIP
	Identifica diferentes	

	sensaciónsofactivas e describeas.	
Participar en xogos, mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máisaxustadas.	Presenta unha boa motricidade fina.	CCA CMF
	Manexa as tesoirasaxeitadamente.	
	Realiza encaixes e quebracabezas.	
	Localiza aproximadamente nun plano lugares significativos.	
Resolver con iniciativa e autonomía as actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.	Acepta e cumpre coas responsabilidades que se lle asignan.	CCL CAIP CSC
	Participa na planificación dos proxectos desenvolvidos na aula.	
	Fai propostas de actividades para realizar.	
Manifestar hábitos de saúde, alimentación, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.	Recoñece a alimentación necesaria para a vida.	CAIP
Explorar os obxectos e elementos do contorno inmediato e actuar sobre eles. Recoñecer os seus atributos e calidades. Agrupar, clasificar e ordenar estes elementos e coleccións, segundo distintos criterios.	Identifica as propiedades físicas empregando os seus sentidos.	CM CAA
	Clasifica os obxectos atendendo á posesión dalgún atributo.	
	Pode reunir diversos obxectos de xeitos diferentes, cambiando o criterio de agrupamento.	
Empregar os números para identificar, contar, clasificar, informarse e ordenar elementos da realidade, aproximándose aoseu valor notacional e conceptual.	Fai agrupacións de obxectos atendendo a unha determinada cantidade.	CM CAA
	Coñece a serie numérica.	
Propoñer e resolver problemas sinxelos.	Realiza cálculos mentais sinxelos.	CM CAA
Empregar e comparar magnitudes de peso, lonxitude e capacidade coa finalidade	Realiza estimacións de medidas de peso (comparando, sopesando, observando...).	CM CAA

de resolver problemas relacionados con situaciónscotiás.	Realiza estimacións de medidas de lonxitude (comparando, sopesando, observando...).	
	Mide obxectos e ordénaos: máis grande que, máis pequeno que.	
Recoñecer algúns aspectos xeométricos básicos -liñas, puntos, rectángulos, cadrados, triángulos, círculos, esferas, cubos-	Recoñece algunhas figuras xeométricas: rectángulo, cadrado, círculo, triángulo.	CM
Describir e representar dun xeito elemental a situación das propias nenas e nenos en relación cos obxectos e as demais persoas, usando vocabulario topolóxico elemental.	Emprega as nocións espaciais para explicar a localización dalgún obxecto ou persoa.	CM
	Localiza aproximadamente nun plano lugares significativos.	
Usar e comprender nocións temporais básicas ordenando temporalmente feitos referidos á súa vida.	Realiza estimacións temporais.	
	Iniciouse no emprego do calendario para sinalar feitos significativos da súa vida.	
Dar mostras de interesarse polo medio natural e os seus cambios. Identificar e nomear algúns dos seus compoñentes, establecendo relación sinxelas de interdependencia. Manifestar actitudes de coidado e respecto cara á natureza e participar en actividades para conservala.	Descobre aspectos novos a través das súas observacións.	CAA CSC CCL CCA CMF
	Diferenza entre ser vivo e obxecto inerte.	
	Identifica algunha característica e función vital dos seres vivos.	
	Gústalle participar nos proxectos e pequenas investigacións que se fan na aula.	
	Representa con debuxos o observado ou experimentado.	
	Identifica normas básicas para a conservación do contorno.	
Identificar e recoñecer as diferentes etapas da vida nas persoas e noutros seres	Identifica que os seres vivos seguen un ciclo vital: nacen, medran, reproducense e morren.	CMF

vivos.		
Recoñecer algunhas manifestacións culturais próximas e doutras realidades, valorando a súa diversidade e riqueza.	Sentecuriosidade por achegarse ao coñecemento de sucesos relevantes da historia da comunidade galega, de España e do mundo.	CCL CAA CMF
Utilizar a lingua oral do modo máis conveniente para unha comunicación positiva con iguais e con persoas adultas, segundo as intencións comunicativas.	Participa activamente nas conversas da aula.	CCL
	Recorda feitos e situacións vividas na clase e participa na súa narración.	
	Incorpora ao seu vocabulario as palabras novas.	
Comprender mensaxes orais diversas, mostrando unha actitude de escoita atenta e respectuosa.	Presta atención ás informacións que lle transmiten outras persoas.	CCL
Mostrar interese polos textos escritos presentes na aula e no contorno próximo, iniciándose no seu uso e na comprensión das súas finalidades. Interesarse e participar nas situacións significativas de lectura e escritura que se producen na aula desenvolvidas por persoas lectoras e escritoras competentes.	Mostra interese polos textos escritos presentes no seu contorno.	CCL
	Asocia producións escritas con significados.	
	Recoñece a funcionalidade dos textos expositivos (comprender ou transmitir novos coñecementos), como biografías, libros de consulta...	
	Percibe diferenzas e semellanzas entre palabras atendendo a propiedades cuantitativas (cantidade de letras, palabras longas e curtas).	
Producir diferentes textos individualmente ou en grupo - con escritura convencional ou non-, iniciándose no uso do teclado para a codificación, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información,	Iniciouse no uso da escrita en situacións contextualizadas e reais.	CCL CAA
	Gusta de facer uso da escritura (convencional ou non) para transmitir información.	
	Reproduce, tendo en conta as diferentes etapas individuais no proceso de adquisición da lingua	

entretenemento...	escrita, textos.	
Utilizar a biblioteca con respecto e coidado, valorándoa como recurso informativo e de entretenemento.	Fai uso da biblioteca valorándoa como fonte de información e como fonte de pracer.	CCL CAA
Expresarse e comunicarse utilizando medios, materiais e técnicas propios das diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais	Explora as posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais (papeis, cartón, arame, plástico, teas, cortiza, barro...) como recurso e medio de expresión.	CAA CCL
	Fai uso do debuxo como medio de expresión e comunicación de feitos, sentimentos, emocións, vivencias, fantasías, experiencias...	
	Fai uso do modelado como medio de expresión e comunicación de feitos, sentimentos, emocións, vivencias, fantasías, experiencias...	
	Participa cando se fan actividades musicais.	
	Acórdase das cancións e fragmentos de música traballados.	
Mostrar interese por explorar as súas posibilidades de expresión e representación, por gozar coas súas producións e por compartir as experiencias creativas, estéticas e comunicativas.	Participa activamente na interpretación de cancións e xogosmusicais.	CCL CCA
Utilizar, na medida das súas posibilidades, a linguaxe audiovisual e as tecnoloxías da información e comunicación como vehículo de expresión e comunicación.	Fai uso das tecnoloxías da información e da comunicación, na procura de información para o desenvolvemento de proxectos na aula.	CD CAA

B. OBXECTO OU TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN PROPOSTA

Como xa comentamos realizouse unha enquisa individualizada na cal se recollían os seus intereses por aprender e investigar. O tema dos Dinosaurios tivo un gran impacto, e queríamos saber máis deles, cómo nacían, cómo vivirán, por que se extinguiron xa que tiñamos un profundo debate si foi a causa dos meteoritos ou dos volcáns.

En realidade os dinosaurios entran dentro da categoría de animais e este é sempre un tema que lles chama moito a atención, pois na súa vida diaria atopáanse rodeados por xoguetes, películas, contos...., eso sen contar que moitos deles teñen mascotas na casa. Só nos quedaba poñernos mans á obra seguindo a metodoloxía do ABP.

C. BREVE DESCRICIÓN DO PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA

Seguindo as fases do ABP comezamos o noso proxecto que se ía desenvolver ao longo de todo o curso

QUÉ SABEMOS? Traballamos coas ideas previas, recolleamos nun panel todas as ideas que o alumnado nos vai expoñendo de xeito oral na assemblea.

QUÉ QUEREMOS SABER? ONDE BUSCAR? Establecimos qué cousas queríamos investigar e onde buscar a información (aquí a biblioteca do centro resultou ser fundamental).

INVESTIGAMOS. Foi un longo proceso que durou a meirande parte do curso.

QUÉ APRENDIMOS? Queríamos dar a coñecer o noso traballo e organizamos a unha exposición en formato museo interactivo dentro do colexio onde acudiu toda a comunidade.

D. DOCUMENTACIÓN ELABORADA PARA O PROFESORADO E ALUMNADO

A documentación que elaboramos tanto para o profesora foi unha pequena planificación secuenciada de deseño e de posta en prácticas das actividades.

No caso do alumnado elaboráronse fichas individuais (recollidas nun porfolio), actividades de programación (plantillas robótica, makey-makey...), actividades plásticas (obradoiros coas familias), actividades manipulativas (modelado de dinosaurios)... todo quedou recollido en imaxes que se foron sacando ao longo de todo o proxecto.

Podemos atopar os documentos elaborados no apartado materiais docentes do blogue.

E. RELACIÓN DAS TAREFAS MÁIS IMPORTANTES REALIZADAS O LINGO DO PROXECTO POLO ALUMNADO

Actividades tipo I: Son actividades que tratan de motivar e buscar o interés no tema

Vídeos (colgados no blogue)

Visitas na aula (familias)

Museo web

Actividades tipo II (Actividades de desenvolvemento)

- Revisión de materiais que traían da casa
- Actividades con xoguetes relacionados coa temática
- Actividades con libros da biblioteca
- Obradoiros na aula (fósiles, galletas, volcán, manualidades, ovos de dinosaurios, camisetas, ambientador...) Neste caso a colaboración das

familias foi moi importante e organizaronse os obradoiros en sesións de tarde para poder contar con maior participación.

- Actividades TIC/STEM (LIM, realidade aumentada, creación de blogue, paneis con códigos QR, robótica, experimentos, puzzles na impresora 3D, Makey makey...
- Actividades escritas (tríptico, invitacións, cartelería, pósters, murais, fichas individualizadas...)
- Actividades de expresión plástica, musical (dinosaurios de plastilina, fósiles, xogos de psicomotricidade, cancións, festival de nadal, libro viaxeiro, pegadas corredor...)

Actividades tipo III (Actividades finais)

Museo de dinosaurios e Blogue

F. RECURSOS UTILIZADOS ASÍ COMO UNA ENUMERACIÓN DETALLADA DAS PRINCIPAIS FONTES CONSULTADAS PARA A INVESTIGACIÓN

RECURSOS DIDÁCTICOS	
PERSOAIS	Familias Alumnado Profesorado (titoras, mestras apoio, equipo biblioteca...)
MATERIAIS	Materiais funxibles (folios, tinta, material de escritura...) Alimentos Material electrónico (ordenador, PDI, tablets, escornabot, mega tablet, placa makey-makey, cromos de RA...) Textil
AMBIENTAIS	Aulas Biblioteca Aula de informática Aula de música Comedor Traballo por proxectos

As fontes consultadas atópanse no blogue na seguinte dirección:

<https://dinosaurosnocondesa.blogspot.com/p/biblografia-do-proxecto.html>

G. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA

Neste proxecto estiveron implicadas as dúas aulas de 5º de Educación Infantil. A súa curiosidade e as ganas que tiñan de aprender e de investigar fixo posible que este proxecto fose crescendo día tras día e chegándolle o alumnado.

Todo o profesorado que impartía clase nestas aulas, estivo desde un primeiro momento implicado, colaborativo e propondo ideas novas e innovadoras para levar a cabo co alumnado.

Das familias non nos podemos esquecer, xa que sempre estiveron moi receptivas as nosas propostas e con moitas ganas de axudar en todo o que podían.

Queremos facer una mención especial o noso Equipo de Biblioteca xa que estivo pendente de nós en todo momento, facéndonos un oco na biblioteca para búsqueda de información e recopilación de libros. Tamén proporcionándonos material innovador como gafas 3D, cámara 360º, tablets, mega talet, escornabot...

H. DIFUSIÓN DOS TRABALLOS ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA

A difusión do proxecto tivo dúas canles principais:

Por un lado a Feira de Proxectos no centro onde contamos con un stand propio no que amosamos a toda a comunidade todas as actividades que levamos a cabo no proxecto a modo de museo interactivo donde os nenos/as explicaban dende cómo sabemos qué

existiron os dinosauros, cómo desaparecieron, cómo eran, cómo se alimentaban... ata cómo empregar as tablets para ver dinosauros en RA ou como funcionaba o makey-makey.

Para dito evento elaboramos unha entrada cun código QR (do noso blogue) e unhas camisetas personalizadas co nome de cada neno/a e un montón de dinosauros estampados que nos distinguía do público.

Ademais da exposición creamos un blogue no que recollimos traballos do alumnado e información que elaboraron sobre cada un dos dinosauros que decidimos investigar.

<https://dinosaurosnocondesa.blogspot.com/>

I. AVALIACIÓN REALIZADA EN RELACIÓN COS CRITERIOS DE AVALIACIÓN E AS COMPETENCIAS DO CURRÍCULO, ENTRE OUTROS ASPECTOS.

PROCEDEMENTOS EMPREGADOS

A avaliación foi aberta, continua e formativa, avaliamos tanto o proceso do alumnado como o do profesorado.

En canto comezamos co proxecto fixemos una avaliación inicial do alumnado con preguntas sobre o que sabían sobre o tema e sobre os aspectos que máis lle interesaban. Unha avaliación continua, ao longo de todo o ano para recoller aspectos importantes sobre o avance do alumnado e facer modificacións e por último una avaliación final, na cal se avaliaron todos os aspectos traballados.

No proxecto empregamos varios métodos de avaliación como; escala de estimación, rexistro anecdótico, porfolio, rúbrica e lista de cotexo.

J. FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR EN TODO O PROCESO

O Equipo de Biblioteca do noso centro estivo presente neste proxecto en todo momento, sobre todo unha vez que o levamos a cabo.

Na biblioteca tiñamos a nosa disposición diferentes materias bibliográficas, xa que na biblioteca contamos cun moble expositor donde íamos colocando todos os libros que íamos empregar na investigación do proxecto.

Contamos tamén con varios recursos como son a pantalla multitouch, a impresora 3D (na que imprimimos puzzles de dinosauros para xogar na aula e no museo interactivo que creamos), escornabots (creamos plantillas en formato standar A3 e outra en tamaño xigante 120*100 cm), tablets para traballar a realidade aumentada, placa makey-makey (unha das mestras programou en scratch a actividade empregando audios dos propios nenos/as).

Por outro lado o coordinador da biblioteca axudounos a solventar algúns pequenos problemas de programación e a empregar e buscar todos os recursos necesarios.

Tanto na páxina do noso colexio <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcondesafenosa/>, como no blogue que creamos para o noso proxecto podedes atopar información e fotografías de todo o proxecto.

<https://dinosaurosnocondesa.blogspot.com>